Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

SOCIAIS

4

Tema 06

As actividades produtivas

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Orientaciones didácticas

- Iniciaremos o tema das actividades produtivas a partir das actividades seguintes:

- Observación da fotografía dun coche na cade de montaxe dunha fábrica.

- Lectura dun texto que nos explica cales son as fases na fabricación dun coche.

Solucións das actividades

1. Na ilustración vemos un coche suspendido no aire, grazas a unha estrutura de ferro que o suxeita e que forma parte da cadea de montaxe dunha fábrica.

Outro elemento importante é un tramo da cadea de montaxe. Trátase dunha estrutura mecánica semicircular que suxeita o automóbil, para ensamblar as distintas partes da carrocería e do chasis.

A produción en serie é aquela que está deseñada para producir unha gran cantidade de copias dun mesmo produto.

Para este propósito é necesaria a produción en cadea, que se realiza mediante unha cadea de montaxe, onde cada traballador ocupa un lugar e unha función específica.

Deste xeito o produto avanza por diferentes tramos dunha forma máis rápida e económica. O resultado é que se produce dun xeito masivo abaratando os custos.

2. A liña de ontaxe nunha fábrica de coches foi aplicada por primeira vez por Henry Ford.

O sistema de Henry Ford reducía os custos de produción e, polo tanto, os automóbiles podíanse vender máis baratos.

3. Un robot é unha máquina que se programa para realizar traballos dun xeito autónomo e substituír os seres humanos nalgunhas tarefas. Nas fábricas utilízanse en plantas de manufacturas, montaxe e embalaxe.

Na liña de montaxe, o traballo divídese en distintas operacións realizadas sucesivamente por distintos traballadores estaciona-

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Dixital	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender	Buscar pola Internet quen aplica a liña de montaxe na súa de coches a principios do s. XX e con que finalidade. Act. 2
Comunicación lingüística	Definir e clasificar algúns termos relacionados coa área. Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto	Explicar que son os robots, para que serven as fábricas e unha liña de montaxe. Act. 3 Relacionar as plantas onde se realizan os diferentes traballos de montaxe. Act. 4
Matemáticas, ciencias e tecnoloxía	Recoñecer as transformacións no medio operadas por diversos axentes.	Explicar que tarefas lle encomendarían se tiveran un robot na casa. Act. 5
Sociais e cívicas	Expor as actividades que xeran e elaboran produtos	Participar nunha charla sobre a información que proporciona a fotografía, identificando o máis importante e lembrar que é a produción en serie. Act. 1
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Participar de forma activa en actividades colaborativas	Colaborar nas reflexións conxuntas entre os compañeiros e compañeiras da clase. Act. 1-4



Fabricamos un coche

O proceso de fabricación dun coche consta de varias fases:

1. Fabricamos as pezas da carrozaría: portas, teitos, paredes… Desenrolamos, recortamos, lavamos e estampamos as grandes bobinas de aceiro coa forma das pezas do coche.

2. Encaixamos todas as partes da carrozaría para lle dar a forma definitiva ao coche. Utilizamos robots para soldar as pezas.

3. Dámoslles varias capas de pintura ás pezas.

4. Construímos as "tripas" do coche, os compoñentes mecánicos (o motor, a caixa de cambios...). Utilizamos máquinas porque as pezas pesan moito.

5. O proceso de montaxe divídese en tres partes:

– Colocamos a carrozaría na liña de montaxe. Segundo vai avanzando a liña instalamos os compoñentes no coche, coma se o estivésemos vestindo: a instalación eléctrica, as portas, o teito, os cables, o cadro de instrumentos, o airbag, os cintos de seguridade, os faros, o radiador...

– Montamos o chasis, o corazón do coche, onde se atopa o motor. Engadimos o tubo de escape, o depósito de gasolina, o motor...

– Unimos o chasis e a carrozaría. Engadimos as rodas, o líquido de freos, a auga, a gasolina, os asentos... A liña de montaxe non se detén en ningún momento!

6. Realizamos moitas probas de calidade para saber se o coche está en perfectas condicións e se funciona correctamente.

Fabricamos un Nissan paso a paso. (Reelaborado e traducido). <www.fabricanissan.com>

Le e comprende

3. Explica o que son os robots e para que serven nas fábricas. En que consiste unha liña de montaxe?

4. Cada fase do proceso realízase nunha planta distinta. Relaciona cada fase coa planta correspondente: planta de carrozarías, planta de montaxe, planta de pintura, planta de estampación, planta de transmisións mecánicas.

Exprésate coas túas palabras

5. Se tiveses un robot na túa casa, que traballos lle encargarías?

NAVEGAMOS POR TICHING

■ http://www.ticking.com/82549 – Neste vídeo poderemos ver unhas imaxes do proceso de fabricación dun vehículo. Preguntaremos:

– *De que forma se fabrica un coche? Cal é é a función das máquinas que interveñen? Quen se encarga de controlalas?*

– *Como funciona unha cadea de montaxe? Cantas persoas hai traballando nesta cadea? De que se encarga cada unha?*

LIBRO DIXITAL

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

dos en distintos puntos do proceso. De xeito que cada traballador ten unha función específica.

4. A relación entre as plantas e as fases do proceso é:

- Planta de estampación: aquí desenvolven, recortan, lavan e estampan as grandes bovinas de aceiro coa forma das pezas da carrocería do coche, como portas, teitos, paredes…
- Planta de carrocería: aquí encáixanse todas as partes da carrocería para darlle a forma definitiva ao coche.
- Planta de pintura: aquí os traballadores dan varias capas de pintura no coche.
- Planta de transmisións: é onde constrúen os compoñentes mecánicos, como o motor, a caixa de cambios, etc.
- Planta de montaxe: é onde se unen o chasis, a carrocería e todos os compoñentes que forman o coche.

5. Resposta persoal..

Actividades de reforzo

1. Para reforzar o tema os alumnos contestarán as preguntas:

a) A que industria pertence a fabricación dun coche?

b) Cita outros exemplos de fabricación en cadea.

Solución.

a) Industria metalúrxica. b) Resposta persoal.

Educamos en valores

■ Destacaremos a igualdade e importancia de todos os traballos na súa contribución á sociedade, formulando que ocorrería se non existiran.

■ Sen o sector primario non poderiamos alimentarnos. Sen o sector secundario, non teriamos casas onde vivir. Sen o sector terciario non teriamos servizos sanitarios.

- Sen o sector secundario non teriamos casas onde vivir.
- Sen o sector terciario non teriamos servizos sanitarios, educativos, transportes, etc.

Orientacións didácticas

- Neste apartado diferenciaremos os tres sectores de actividade económica.

Mediante diversas actividades, coñeceremos as características de cada un destes sectores.

Solucións das actividades

1. No sector primario inclúense as seguintes actividades:

- A *agricultura* consiste en traballar a terra para obter alimentos para as persoas (hortalizas, froitas, cereais…) e para o gando (penso). Dalgúns produtos vexetais tamén se elaboran tecidos (algodón).
- A *gandería* comprende a cría de animais para a nosa alimentación (carne, leite, ovos) e para extraer outros recursos (pel, la…).
- A *pesca* é a captura de peixes do mar ou do río que nos serven tamén para alimentarnos.
- A *minaría* extrae os minerais e as rochas da superficie terrestre ou do subsolo.
- A *explotación forestal,* extrae madeira para a cons-trución, cortiza, froitos, etc.

Todas elas son actividades relacionadas coa obtención de produtos da natureza.

2. Resposta persoal. Por exemplo:

1. Agricultura: na imaxe vemos unha máquina segadora que sega os campos.

2. Gandería: vemos unha granxa leiteira, onde hai unha muller ao coidado do gando, que se encarga da alimentación das vacas.

3. Explotación forestal: observamos uns troncos talados que se utilizarán para a construción, fabricación de mobles…

4. Minaría: nesta fotografía vemos unha canteira, de onde se extraen bloques de pedra, que poden ter múltiples usos, como por exemplo, a construción.

3. Resposta persoal, por exemplo:

1. Agricultor.

1 Os sectores económicos

Para satisfacer as nosas necesidades, como alimentarnos, vestirnos, dispoñer dunha vivenda…, as persoas traballamos en diferentes actividades económicas. Estas actividades agrúpanse en tres sectores: primario, secundario e terciario.

1 O sector primario

Pertencen a este sector todas as actividades económicas que están relacionadas coa **obtención de produtos da natureza**:

- A **agricultura** consiste en traballar a terra para obter alimentos para as persoas (hortalizas, froitas, cereais…) e para o gando (penso). Dalgúns produtos vexetais tamén se elaboran tecidos (algodón).
- A **gandaría** abrangue a cría de animais para a nosa alimentación (carne, leite, ovos…) e para extraer deles outros recursos (pel, la…) cos que se fabrican diversos produtos.
- A **pesca** é a captura de peixes do mar ou do río que nos serven tamén para alimentarnos.
- A **minaría** extrae os minerais e as rochas da superficie terrestre ou do subsolo. Utilízanse para obter enerxía, para a construción, etc.
- A **explotación forestal** ou dos bosques extrae madeira para a construción, cortiza, froitos, etc.

1. Que actividades económicas se inclúen no sector primario? Que teñen en común todas elas?
2. Observa as fotografías e explica que traballo se realiza en cada unha delas.
3. Pensa oito oficios do sector primario.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Expor as actividades que permiten a obtención de produtos naturais e a súa transformación. Identificar as actividades que forman parte do sector servizos Participar en actividades colectivas de forma colaborativa.	Identificar as actividades económicas do sector primario e identificar as semellanzas. Act. 1 Razoar por que o sector terciario se coñece como sector servizos. Act. 5 Preguntar a que sector pertencen os adultos que viven con eles. Act. 6
Matemáticas, ciencias e tecnoloxía	Utilizar medidas e escalas para representar a realidade	Facer unha listaxe dos traballos e contabilizalos para elaborar un gráfico de barras e analizar a información. Act. 6
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Adquirir o gusto por ampliar os coñecementos e investigar	Comprender e ampliar coñecementos relacionados cos sectores económicos dos adultos da casa. Act. 6 Pensar en oficios do sector primario que coñezan. Act. 3
Dixital	Interpretar información expresada en diferentes linguaxes textuais e gráficas.	Observar as imaxes, interpretar que traballos se realizan en cada unha delas e saber explicalo. Act. 2

2 O sector secundario

Forman parte do sector secundario as actividades económicas destinadas á **transformación dos produtos da natureza**:

- A **artesanía** e a **industria** transforman os recursos naturais (materias primas) en produtos para consumir directamente ou para elaborar outros produtos.
- A **produción de enerxía** obtén enerxía (electricidade, combustible, etc.) utilizando minerais (carbón, uranio…) e outros recursos naturais (vento, auga, a luz do Sol).
- A **construción** dedícase a edificar vivendas, estradas e todo tipo de edificios.

4. De que xeito satisfán as nosas necesidades as actividades do sector secundario?

3 O sector terciario

As actividades económicas do sector terciario non obteñen produtos nin os transforman, senón que lles **prestan servizos ás persoas**.

Inclúen unha ampla variedade de actividades: comercio, transporte, sanidade, ensinanza, turismo, ocio, información, etc.

5. Por que o sector terciario recibe tamén o nome de sector servizos?

6. Escribe a profesión á que se dedican os teus pais ou os adultos que viven contigo.

– Facede unha listaxe na clase con todos os traballos que xurdisen e clasificádeos por sectores.

– Contabilizádeos e elaborade un gráfico de barras con esa información.

– Que sector é o máis numeroso? Cal lle segue? E cal é o menos representativo? Podes explicar esta situación?

2. Gandeiro
3. Pescador.
4. Mineiro.
5. Apicultor.
6. Silvicultor.
7. Acuicultor.
8. Pastor.

4. As actividades do sector secundario dedícanse á transformación dos produtos da natureza.

Os produtos que se obteñen desa transformación, utilizámolos no día a día e son: produtos elaborados, enerxía (electricidade, combustible, carbón), vivendas, estradas e todo tipo de edificios.

5. O sector terciario recibe o nome de sector servizos porque as actividades económicas deste sector lles prestan servizos ás persoas.

6. Resposta persoal.

Actividades de reforzo

1. Os alumnos responderán as seguintes preguntas e comentarémolas colectivamente.

a) Por que cres que hai cada vez menos persoas que se dedican aos traballos agrícolas?

b) Que técnicas se aplican actualmente na gandería?

c) Como cres que é o traballo dun pescador desde que sae a pescar?

Solución:

a) Cada vez hai menos persoas que se dedican aos traballos agrícolas porque os traballos están moi mecanizados. Moitos labores agrícolas realízanse con tractores, colleitadoras, etc. Polo tanto, precísase pouca man de obra.

b) Resposta persoal.

c) Resposta persoal.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/82598
- http://www.tiching.com/82599

Con estes dous recursos repasaremos os contidos aprendidos sobre o sector primario: Ofrecen un amplo conxunto de sinxelas explicacións e actividades interactivas sobre a agricultura e a gandería respectivamente.

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina recoñeceremos as actividades máis importantes de cada un dos sec-tores económicos.

Tamén coñeceremos cal destes tres sectores ten máis peso na economía española.

Solucións das actividades

1. A economía española produce nos distintos sectores económicos o seguinte:

1. No sector primario.

- A agricultura española produce sobre todo cereais, hortalizas e froitas.
- Na gandería predomina a cría de porcino, ovino e aves, seguida do gando bovino.
- A pesca é unha actvidade moi importante, nas nosas costas captúrase atún, sardiña, lura, etc., aínda que os barcos españois tamén faenan en costas afastadas.

2. No sector secundario.

- A industria. En España o sector máis desenvolvido é o alimentario. Elabora produtos do sector primario, como viños, aceites, embutidos, conservas, queixos, conxelados, etc.

  Tamén hai que destacar a industria que produce aceiro, ferramentas e maquinaria, automóbiles, produtos químicos e farmaceúticos.
- A construción. Ten un peso moi importante aínda que a crise económica supuxo unha gran diminución da actividade.
- A produción de enerxía. En España é escasa, a maior parte das fontes de enerxía impórtanse do estranxeiro.

  A electricidade prodúcese en centrais nucleares, térmicas e hidroeléctricas.

  O noso país é un gran produtor de electricidade, utilizando a enerxía eólica.

3. No sector terciario.

Do sector terciario provén a maior parte da riqueza que se produce no noso país.

2 Descubro...

Que se produce en España

A meirande parte das persoas que traballan en España están empregadas no sector servizos. Nas últimas décadas, o peso da agricultura diminuíu moito, así como o da industria.

Queres coñecer que producen as distintas actividades económicas que se desenvolven en España?

A agricultura, a gandaría e a pesca

- ✔ A agricultura española produce, sobre todo, **cereais** (no centro peninsular) e **hortalizas** e **froitas** (na zona mediterránea e nas veigas dos ríos).
- ✔ Na gandaría, predomina a cría de **porcino**, **ovino** e **aves**, seguida do gando **bovino**.
- ✔ A pesca é unha actividade moi importante. Nas nosas costas captúrase **sardiña**, **atún**, **lura**, etc., aínda que os barcos españois tamén pescan en costas afastadas.

A industria e a construción

- ✔ A industria da **alimentación** é o sector industrial máis desenvolvido en España, e está moi repartido por todo o territorio.

  Elabora produtos derivados do sector primario: viño, aceite, conservas, embutidos, lácteos, etc.
- ✔ Tamén destaca a industria que produce **aceiro, ferramentas** e **maquinaria, automóbiles, produtos químicos** e **farmacéuticos**...
- ✔ A **construción** ten aínda un peso bastante importante, malia que a crise económica dos últimos anos implicou unha gran diminución da súa actividade.

A PRODUCIÓN INDUSTRIAL (2013)

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación Definir e clasificar algúns termos relacionados coa área.	Explicar que producen os sectores primarios e secundarios de España, destacando os bens e servizos. Act. 1 Coñecer os termos relacionados cos sectores de España. *Descubro…*
MATEMÁTICAS, CIENCIAS E TECNOLOXÍA	Utilizar medidas e escalas para representar a realidade	Contabilizar os servizos da localidade e extraer conclusións cos resultados. Act. 2
SOCIAIS E CÍVICAS	Recoñeceras particularidades da redonda social máis ampla: a localidade	Identificar os locais de servizos das localidade. Act. 2
APRENDER A APRENDER	Esforzarse para resolver actividades de crecente complexidade	Facer unha clasificación dos servizos da localidade, contabilizalos e extraer conclusións. Act. 2
DIXITAL	Interpretar información contida en gráficos, táboas, mapas...	Observar a información do mapa e comprender a información relacionada. *Descubro…*

A produción de enerxía

- A produción de enerxía en España é escasa e a maior parte de fontes de enerxía (petróleo, gas…) impórtanse do estranxeiro.
- A **electricidade** que consumimos prodúcese, sobre todo, en centrais nucleares, térmicas e hidroeléctricas.

  Así e todo, o noso país está á cabeza mundial en produción de electricidade utilizando a **enerxía eólica**. Os parques eólicos máis importantes concéntranse na Submeseta Norte e no Sur e Nordés peninsulares.

Os servizos

- No sector terciario destacan os servizos relacionados coas **actividades comerciais** e o **transporte** de persoas e mercadorías.
- Tamén lles dan traballo a moitas persoas os servizos relacionados coa **hostalaría** (restaurantes, bares, hoteis…) e o **ocio** (actividades culturais, deportivas, espectáculos, etc.).

  Todos eles están moi vinculados ao **turismo**, que é unha actividade moi importante da economía española.
- Tamén son numerosos os **servizos ás persoas**, como a sanidade, a educación, a xustiza, os medios de comunicación, a banca, os servizos sociais…





1. Que producen os sectores primario e secundario en España? En que bens e servizos destacan?
2. No camiño da casa ao colexio, elabora unha listaxe de todos os locais por onde pasas nos que se ofrezan servizos (supermercados, axencias de viaxes, talleres, etc.).

   A continuación, clasifícaos por tipos: comercio, ocio, hostalaría, servizos ás persoas…

   Contabilízaos e tira conclusións cos resultados obtidos. Que tipo de servizo predomina? Por que consideras que é así? Hai algún dato que chame a túa atención?

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/727464 – Miraremos este vídeo sobre o cultivo do aceite de oliva en España que nos servirá para falar sobre un dos sectores destacados da economía española, que converteu España no primeiro produtor e exportador mundial.

  Coñeceremos as zonas de produción, as súas variedades e veremos o proceso de recolección e elaboración deste produto.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Destacan os servizos relacionados coas actividades comerciais e o transporte de persoas e mercadorías.

Tamén son importantes servizos como a hostelería (restaurantes, bares, hoteis) e o lecer (actividades deportivas, culturais, espectáculos).

Estas actividades están moi relacionadas co turismo, que é unha actividade moi importante na economía española.

Hai que destacar os servizos ás persoas, como a sanidade, a educación, a xustiza, os medios de comunicación, a banca, os servizos sociais...

2 Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Di que tipo de industria fabrica cada un destes produtos: ordenador, lata de atún, coche, perfume, televisor, galletas, deterxente.

Solución.

a) Industria electrónica: ordenador e televisor.

b) Industria alimentaria: lata de atún e galletas.

c) Industria metalúrxica: coche.

d) Industria química: perfume e deterxente.

2. Di con que materias primas se puido elaborar: un xersei, un bolso, unha cadeira, un anel e unha motocicleta.

Solución.

a) Xersei: la ou algodón.

b) Bolso: coiro.

c) Cadeira: madeira, metal ou plástico.

d) Anel: metais.

e) Motocicleta: metais e plástico.

Actividades de ampliación

1. Analiza o gráfico da páxina 84 e explica a proporción que ocupa cada sector na economía.

Solución. Resposta persoal.

ANOTACIÓNS

.....

.....

Orientacións didácticas

- Neste apartado analizaremos as distintas fases do proceso comercial, clasificaremos os tipos de comercio e estudaremos o comercio exterior de España.

Solucións das actividades

1. Os pasos que segue un produto desde a súa obtención ata o seu consumo, son os se-guintes:

En primeiro lugar, o produtor obtén os bens da natureza ou fabrícaos.

En segundo lugar, o transportista fai chegar os produtos ata o comerciante maiorista, que compra os produtos para vendelos. É o intermediario entre o produtor e o consumidor.

En terceiro lugar, os transportistas lévanlles os produtos aos comerciantes retallistas.

Finalmente, os consumidores compran nas tendas os produtos para consumilos.

Neste proceso interveñen o sector secundario, que é o que elabora e transforma o produto e o sector terciario, encargado de intercambialo.

2. O comercio electrónico consiste en comprar servizos ou produtos a través da Internet.

O consumidor conectado á Internet, busca produtos en tendas on-line

Selecciona o produto e paga cunha tarxeta de crédito ou outro medio electrónico.

Desde o almacén da tenda os transportistas levan a mercadoría ao domicilio do comprador.

3. Existen dous tipos de comercio segundo onde se leve a cabo esta actividade:

Comercio interior. Este comer-cio realízase dentro do propio país.

- *Almacenista.* Compran grandes cantidades para distribuíla entre os pequenos comerciantes.
- *Retallistas.* É o que lle vende ao consumidor.

Comercio exterior. Lévase a cabo entre os distintos países.

3 Os produtos intercámbianse

O comercio é a actividade do sector terciario na que traballan máis persoas en España. Está estreitamente ligado ao transporte, unha actividade á que se dedican tamén moitos españois.

1 O proceso comercial

O camiño que seguen os produtos dende o seu lugar de orixe ata que chegan aos consumidores denomínase **proceso comercial**. Neste proceso interveñen os axentes seguintes:

- Os **produtores**, que obteñen os bens da natureza ou os fabrican.
- Os **comerciantes**, que compran os produtos para vendelos.
- Os **transportistas**, que se encargan de facerlles chegar os produtos aos comerciantes ou directamente aos consumidores.
- Os **consumidores**, que compran os produtos para consumilos.

1. Describe os pasos que segue un produto dende a súa obtención ata o seu consumo. Que sectores económicos interveñen?
2. Explica en que consiste o comercio electrónico e como se leva a cabo.

O PROCESO COMERCIAL

PRODUTOR · TRANSPORTISTA · COMERCIANTE POR XUNTO · TRANSPORTISTAS · CONSUMIDORES · COMERCIANTES RETALLISTAS

O comercio electrónico

Nas últimas décadas xurdiu o comercio electrónico, que consiste en comprar produtos ou servizos a través da Internet.

O pagamento realízase xeralmente con tarxeta de crédito ou outros medios electrónicos, e un transportista leva a mercadoría ao domicilio do comprador.

consumidor conectado á Internet · busca de produtos en tendas *on-line* · selección do produto · pagamento · envío · entrega ao consumidor

88 Tema 6

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Comunicación lingüística	Expresarse por escrito con corrección ortográfica, sintáctica e gramatical. Ler un texto e responder as preguntas sobre o seu contido	Describir os pasos que segue un produto desde a súa obtención ata o seu consumo e os sectores económicos que interveñen. Act. 1 Explicar o comercio electrónico e como se leva a cabo. Act. 2
Aprender a aprender	Establecer equivalencias, paralelismos ou outras relacións entre elementos diversos.	Describir a viaxe dun quilo de plátanos desde a súa plantación en Canarias ata a súa comercialización en París. Act. 5
Dixital	Interpretar información expresada en diferentes linguaxes textuais e gráficas.	Observar o mapa, comprender e interpretar cales son os países cos que España realiza máis intercambios comerciais. Act. 4
Sociais e cívicas	Relacionar as necesidades sociais satisfeitas polos servizos públicos.	Ler, asimilar e comprender a información relacionada co tema do intercambio de produtos comerciais e responder as acividades relacionadas con esta cuestión. Act. 1-5

O COMERCIO EXTERIOR EN ESPAÑA



2 Tipos de comercio

Existen dous tipos de comercio dependendo de onde se leve a cabo esta actividade:

- **Comercio interior**: realízase dentro do propio país. Pode ser de dous tipos:
  - **Por xunto**, cando se lle compran grandes cantidades ao produtor para distribuílas entre os pequenos comerciantes.
  - **Retallistas**, mércanse poucas cantidades para venderllas directamente ao consumidor.
- **Comercio exterior**: lévase a cabo entre distintos países; as vendas reciben o nome de **exportacións**, e as compras son as **importacións**.

3. Que tipos diferentes de comercios hai?

3 O comercio exterior en España

Moitos bens producidos en España véndense no estranxeiro. As principais **exportacións** españolas son produtos alimentarios, automóbiles, medicamentos, plásticos, téxtiles, calzados e xoguetes.

Do mesmo xeito, España **importa** (compra) produtos elaborados no estranxeiro, como por exemplo maquinaria para a industria, medios de transporte, produtos químicos e, sobre todo, petróleo e gas.

4. Observa o mapa e di cales son os países cos que España realiza máis intercambios comerciais.

5. Describe a viaxe que realiza un quilo de plátanos dende que os recollen dunha plantación en Canarias ata que os compran en París.
   - Que axentes interveñen neste proceso comercial?
   - Que transportes se utilizan?
   - Que tipo de comercio se leva a cabo entre España e Francia?
   - Que tipo de mercadoría son os plátanos para España?

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
DIXITAL	Interpretar información expresada en diferentes linguaxes textuais e gráficas.	Observar, asimilar e aprender a interpretar un mapa sobre o comercio exterior en España. *O comercio exterior en España.*
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Desenvolver a habilidade, a eficacia e a claridade na expresión escrita.	Desenvolver o periplo que realiza un produto primario ao longo de todo o proceso ata a súa venda detallista. Act. 5.

LIBRO DIXITAL

■ http://www.tiching.com/727468 – Mostrarémoslle esta imaxe ao alumnado que nos servirá para iniciar unha conversación sobre a evolución do comercio.

Observaremos atentamente esta infografía, e comentaremos co alumado os cambios que experimentou o comercio desde o Neolítico ata os nosos días.

4. España realiza intercambios comerciais con países da UE, Rusia, Turquía, China, Arabia Saudita, Marrocos, Arxelia, Nixeria, Libia, Brasil, México, EE.UU.

5. Os alumnos completarán a actividade do seguinte xeito:
   - Neste proceso comercial interveñen o produtor, que obten os platanos en Canarias, o transportista, que os traslada en camión ao aeroporto, o comerciante almacenista que compra o produto para venderllo ao comerciante reallista en París, o transportistas que o transporta en avión ata París, outro transportista que o traslada en camión ata a cidade e o comerciante retallista.
   - Utilízase o camión e o avión.
   - É unha operación de comercio exterior porque España leva a cabo unha exportación a Francia.
   - Para España, os platanos son produtos alimentarios.

Actividades de reforzo

1. Para reforzar o estudado, os alumnos explicarán no seu caderno que é o comercio e que son a importación e a exportación.

Solución. O comercio é un intercambio polo que se vende ou se compra un produto. / A importación é o proceso polo que un país compra produtos estranxeiros. / A exportación é un proceso no que un país lles vende produtos a outros países.

Actividades de ampliación

1. Para saber máis sobre a actividade comercial da túa cidade investiga o seguinte:

a) Que tipo de tendas hai na túa cidade?

b) Hai un gran mercado de produtos frescos? Abastécese ao tempo doutro maior?

Solución. Resposta persoal.

ANOTACIÓNS

.....

.....

Orientacións didácticas

- Neste apartado identificaremos as vías de comunicación en España.
- Veremos as utilidades dun programa para consultar mapas na Internet: *Google Maps.*

Solucións das actividades

1. A rede de autoestradas e de ferrocarrís, ten unha estrutura radial, con centro en Madrid.

2. Resposta persoal. A modo de exemplo:

Portos españois: A Coruña, Xixón, Bilbao, Barcelona, Palma de Mallorca, Valencia, Cartaxena, Málaga, Ceuta e Cádiz.

Aeroportos españois: Madrid-Baraxas, Barcelona, Palma de Mallorca, Málaga, Gran Canaria, Alacante, Tenerife-Raíña Sofía, Girona, Valencia e Lan-zarote..

3. Actividade persoal. A modo de exemplo. Estes son posibles traxectos e medios de tran-porte.

Traxecto en coche. Desde A Coruña ata Málaga pode haber unha distancia de aproximadamente 1.100 km por estrada.

Desde A Coruña, colleremos a autovía A-6, que pasa polas localidades de Lugo, Ponferrada e Valladolid, ata chegar a Madrid. Circunválase Madrid pola M-40 ou a M-50, ata chegar á estrada de Andalucía A-4, en dirección Córdoba.

Nesta dirección pasaremos por Xaén, Granada, ata chegar finalmente a Málaga.

Outra opción sería o avión, en primeiro lugar, habería que desprazarse por estrada ata Santiago de Compostela para tomar un avión, xa que a pesar de que A Coruña conta con aeroporto, no ten voos directos a Málaga.

Outra posibilidade é tomar un voo desde A Coruña ata Málaga con escala en Madrid.

Se o que queremos é ir en tren, a mellor opción será desprazarse ata a cidade de Ourense, onde tomaremos o tren Intercity ata a estación de Chamartín en Madrid. Alí cambiaremos á estación Puerta de Atocha para coller o AVE ata Málaga.

Aprendiz de xeógraf@

As vías de comunicación en España

As vías de comunicación e os sistemas de transporte españois melloraron moito nas últimas décadas. Iso facilitou o desprazamento de persoas e de mercadorías e favoreceu o desenvolvemento das actividades económicas.

Queres saber cales son as principais vías de comunicación no noso país? Queres aprender a usar un mapa de comunicacións na Internet?

DOC. 1 Vías de comunicación e transportes en España

Transporte terrestre. Abrangue o que se realiza por estrada e en ferrocarril. En España, a rede de estradas e de ferrocarril ten unha estrutura radial, con centro en Madrid.

Transporte marítimo e aéreo. É aquel que se leva a cabo por mar (barco) e aire (avión), respectivamente. O seu volume aumentou moito nos últimos anos debido á redución do custo das pasaxes para os usuarios e ao aumento do intercambio de mercadorías.

As **estradas** clasifícanse, segundo a súa importancia, en autoestradas, autovías, estradas nacionais, comarcais e locais.

A **rede de ferrocarrís** conta cos trens de proximidades, de longa distancia e de alta velocidade (AVE).

1. Que estrutura ten a rede de autoestradas e ferrocarrís? Onde está o seu centro?
2. Enumera dez portos e dez aeroportos españois.
3. Planifica unha viaxe da Coruña a Málaga. Que transportes poderías utilizar? Describe o percorrido que farías en cada un deles. Con cal aforrarías máis tempo?

INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Espacial	2	Observar o mapa, enumerar dez portos e dez aeroportos españois.
	3	Planificar unha viaxe de Coruña a Málaga, decidir o medio de transporte máis económico e o camiño.
	6	Buscar en Google Maps, planificar un percorrido da mesma localidade.
Intrapersoal	*6*	Elixir un destino para unha ruta que empece na localidade.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
DIXITAL	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender	Consultar na Internet a ferramenta do Google Maps, que permite explorar a xeografía de todo o mundo. *Explorador dixital*.
APRENDER A APRENDER	Esforzarse para resolver actividades de crecente complexidade Relacionar elementos diversos establecendo paralelismos...	Buscar a ruta máis curta e o medio de transporte para facer unha viaxe da Coruña a Málaga. Act.3 Identificar como se marcan as estradas máis importantes e cales son as de cor branca. Act. 5

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/83382 – Mediante este vídeo dun percorrido virtual polas instalacións dun aeroporto, simularemos o proceso que deben seguir os viaxeiros para realizar unha viaxe en avión.

Os alumnos identificarán o acceso ao aeroporto, os mostradores para obter a tarxeta de embarque e facturar a equipaxe, as terminais de saídsa onde se controla a equipaxe de man e se compoba a documentación, a sala de embarque, as chegadas e as cintas para recoller a equipaxe.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

A opción máis rápida é o avión. Aínda así, hai que contar cos tempos de espera nos aeroportos.

4. Google Maps ofréceche as seguintes opcións:
   - Consultar unha ruta.
   - Ver o territorio en versión "mapa" ou "satélite".
   - Buscar unha ruta escribindo a localidade de partida e a de destino. O programa buscará o camiño máis curto que aparecerá pintado sobre o mapa.
   - Visualizar fotos da zona.
   - Reducir e ampliar a área representada.
5. As estradas máis importantes son autovías e autopistas. Están sinaladas en cor laranxa. As liñas brancas son estradas comarcais.
6. Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Propomos unha charla na que os alumnos constestarán estas preguntas:

a) Que medio de transporte usas habitualmente?

b) Cal che gusta máis? Por que?

Solución. Actividade colectiva.

Actividades de ampliación

1. Responde as seguintes preguntas referidas á rede ferroviaria.

a) Que tipo de trens ten a rede de ferrocarrís española?

b) Que é a alta velocidade?

Solución

a) Trens de proximidade, de longa distancia e de alta velocidade.

b) Con este termo faise referencia a trens de longa dis-tancia que acadan velocidades superiores a 250 km/h.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Neste apartado sobre a seguridade vial, aprenderemos algunhas normas de seguridade que hai que coñecer e respectar.
- Destacaremos as condutas correctas e as medidas de seguridade, que hai que cumprir se somos pasaxeiros, ciclistas ou peóns.
- Coñeceremos o significado dalgúns sinais de tráfico.

Solucións das actividades

1. Os elementos de seguridade pasiva son os seguintes:
   - En coche. O cinto e unha cadeira adecuada ao peso e idade do neno.
   - En moto. O casco.
   - En autocares e atobuses. O cinturón se está instalado.

   Estes elementos hai que utilizalos sempre que viaxemos como pasaxeiros nun vehículo (coche, moto, autobús escolar…)
2. Cando viaxamos en coche non se debe distraer o condutor reclamando a súa atención.

   Tamén están prohibidas as condutas inadecuadas, como sacar a cabeza pola xanela, cambiar de asento, baixar do vehículo sen mirar ou antes de que estea totalmente parado.

   É recomendable advertir o condutor se non respecta os sinais ou as normas (fala polo móbil, corre demasiado, etc.).
3. Para montar en bici de forma segura hai que ter en conta o seguinte:
   - Poremos sempre un casco.
   - Vestiremos sempre algunha prenda reflectante.
   - Manteremos a distancia de seguridade respecto aos coches.
   - Iremos en fileira india cando circulemos en grupo.
4. Os peóns debemos camiñar sempre pola beirarrúa de forma atenta e vixiando a saída de vehículos dos garaxes.

   Se camiñamos pola estrasda,

4 Mellora a túa seguridade viaria

O número de vehículos que circulan polas nosas estradas e cidades aumentou moito, así como os accidentes de tráfico.

Os nenos e as nenas podedes evitar algúns destes accidentes se coñecedes as normas de seguridade viaria e as respectades. Queres saber como podes mellorar a túa seguridade viaria?

1 Como pasaxeiros

Cando viaxedes como pasaxeiros nun vehículo (coche, moto, autocar escolar ou autobús) debedes cumprir estas normas:

- Utilizar sempre os **elementos de seguridade pasiva**: nos coches, o cinto e unha cadeira adecuada á vosa idade e peso; nas motos, o casco; en autocares e autobuses, o cinto se está instalado.
- **Non distraer o condutor** reclamándolle atención, pero **avisalo** se non respecta os sinais ou as normas (fala polo móbil, corre demasiado, etc.).
- **Evitar condutas inadecuadas**, como sacar a cabeza pola ventá, cambiar de asento, baixar do vehículo sen mirar ou antes de que estea totalmente parado, etc.

1. Que son os elementos de seguridade pasiva? Cando hai que utilizalos?
2. Que condutas están prohibidas cando viaxas en coche? Que é recomendable?

2 Como ciclistas

Cando montamos en bici estamos conducindo un vehículo e debemos respectar as normas e sinais de tráfico.

Ademais, como somos moi fráxiles sobre a bicicleta, temos que velar pola nosa propia seguridade:

- Poremos sempre un **casco**.
- Vestiremos algunha prenda **reflectante**.
- Manteremos a **distancia de seguridade** respecto dos coches.
- Iremos en **fila india** cando circulemos en grupo.

CONDUTAS CORRECTAS

3. Como podemos montar en bici de forma segura?

92 Tema 6

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
SOCIAIS E CÍVICAS	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa.	Responder xustificadamente as preguntas en relación á seguridade vial. Act. 5
APRENDER A APRENDER	Relacionar elementos diversos establecendo equivalencias e paralelismos entre si.	Observar os sinais de tráfico, identificar as formas e consultalo no Explorador Dixital. Act. 6
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREDEDOR	Reflexionar sobre as normas de convivencia para asumir responsabilidades. Adquirir o gusto por ampliar os coñecementos e investigar	Razoar as condutas que están prohibidas cando se circula en coche e coñecer as recomendacións. Act. 2 Consultar o Explorador Dixital para ampliar e adquirir novos coñecementos en relación á área. Act. 4- 6
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Valorar a comunicación interpersoal na resolución de conflitos.	Explicar que son os elementos de seguridade pasiva e cando hai que utilizalos. Act. 1
DIXITAL	Buscar, organizar e comunicar información utilizando as tecnoloxías da información	Observar a imaxe, explicar e describir por onde deben camiñar os peóns. Act. 4

3 Como peóns

O peón é a persoa que circula a pé ou en cadeira de rodas por unha vía pública. Como peóns, debemos respectar algunhas medidas de seguridade:

- Camiñar sempre pola **beirarrúa** de forma atenta e vixiando a saída de vehículos dos garaxes.

  Se camiñamos pola estrada, debemos facelo polo bordo esquerdo e en fila india.

- Cruzar polos **pasos de peóns** só cando o semáforo estea en verde, e facelo rápido pero sen correr nin distraerse. Igualmente, antes de pasar, debemos mirar a ambos os dous lados da estrada.

  Se non hai pasos de peóns para cruzar, farémolo por un lugar con boa visibilidade.

4. Por onde debemos camiñar os peóns? E por onde debemos cruzar?



ALGÚNS SINAIS DE TRÁFICO

5. Reflexiona e responde estas preguntas xustificándoas ben:

- Por que o peón ten que coñecer os sinais?
- Por que motivos hai que respectar os sinais e as normas de seguridade?

6. Observa os sinais do debuxo. Que significan os círculos vermellos, os círculos azuis, os triángulos vermellos e os rectángulos azuis?

Consulta o explorador@dixital e indaga que significan os sinais que aparecen nesta páxina.

VOCABULARIO

Seguridade viaria: Conxunto de normas para a prevención dos accidentes de tráfico.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/585465 – Para que os alumnos se vaian familiarizando cos sinais e a seguridade vial, visitaremos esta páxina web que ofrece información e xogos relacionados con este tema.

O enlace proporciona recursos como libros, xogos e vídeos para introducir o tema da seguridade vial a nenos dunha forma amena.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

debemos facelo pola beira esquerda e en fileira india.

Os peóns debemos atravesar polos pasos de peóns só cando o semáforo estea en cor verde.

Se non hai pasos de peóns para cruzar, farémolo nun lugar con boa visibilidade

5. Podemos responder o seguinte:

- En primeiro lugar, o peón ten que saber que uns sinais son para os coches e outros para os peóns e coñecer o seu significado.
- É importante respectar os sinais e as normas de seguridade para non provocar accidentes de tráfico. Cun comportamento responsable non poremos en perigo a nosa vida nin a dos demais.

6. Os sinais do debuxo significan o seguinte:

1. Círculos vermellos. Prohibición. Dinnos o que nunca debemos facer.

2. Círculos azuis. Obriga. Sinalan unha norma de circulación obrigatoria.

3. Triángulos vermellos. Perigo. Avísannos dalgún perigo que hai que previr.

4. Rectángulos azuis. Información . Información sobre os motivos que contén o sinal.

Actividades de reforzo

1. Reforzaremos o tema coas seguintes preguntas:

a) Para que serven os sinais?

b) Que é un semáforo? Que tipo de semáforos hai?

Solución.

a) Os sinais dinnos que é o debemos facer e que non.

b) Son sinais formados por distintas cores: vermella, amarela e verde. Existen dous tipos de semáforo, o do peón e o dos vehículos.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Neste apartado salientaremos a importancia do turismo na economía española.

- España ademais de ter costa e bo clima, ten outros alicientes para o visitante estranxeiro, así pois, clasificaremos o turismo en: turismo de sol e praia, turismo rural e natural e turismo cultural.

Solucións das actividades

1. Estas actividades poden clasificarse así:

- Saír en barca e somerxerse para observar o fondo do mar. Turismo de sol e praia.
- Pasar unha semana de agosto nun complexo hoteleiro en primeira liña de mar. Turismo de sol e praia.
- Visitar as ruínas dunha cidade romana. Turismo cultural.
- Facer un tramo do Camiño de Santiago. Turismo rural e natural.
- Facer unha ruta camiñando por un parque natural e aloxarse nos seus refuxios. Turismo rural e natural.

2. Actividade persoal. Nesta actividade, que pode realizarse por parellas, os alumnos deberán incluír o seguinte:

- Os servizos que están a disposición dos turistas (hoteis, restaurantes, etc.).
- As actividades de lecer que se poden realizar (culturais, deportivas, recreativas).
- Os medios de transporte para chegar ao lugar (tren, avión, autocar).
- Varias fotografías atractivas e significaticas do lugar.

Actividades de reforzo

1. Os alumnos elixirán tres fotografías, relacionaranas con estas actividades turísticas, e responderán as preguntas formuladas:

a) ”Camiñadas pola montaña...”

Que tipo de actividades inclúe turismo rural?

b) “Costume de ir de tapas...”



INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Espacial	2	Pensar os lugares de distinto turismo de España.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
APRENDER A APRENDER	Buscar información relevante sobre diversos aspectos da área	Sinalar a que tipoloxía pertencen unha serie de actividades turísticas. Act. 1.
DIXITAL	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender	Elixir unha paraxe de España para facer turismo de praia, outro para facer turismo rural, natural e outro cultural, facer folletos turísticos con fotografías e lugares de interese. Act. 2
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	Autoavaliar os resultados dos procesos de aprendizaxe e creación persoal	Escoller diferentes sitios para os distintos tipos de estilos turísticos e elaborar folletos informativos coa información encontrada e precisa de cada un. Act. 2
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto.	Ler, familiarizarse cos distintos tipos de turismo que existen en España e completar as preguntas e características. Act. 1

TURISMO CULTURAL

España é tamén un importante destino cultural. É o terceiro país do mundo con máis elementos declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO: monumentos, cidades, sitios arqueolóxicos, festas e tradicións…

Os turistas visitan os **lugares de interese histórico e artístico**, acoden aos **museos**, participan das **tradicións** e costumes locais e tamén da **gastronomía**.

Turistas na catedral de Santiago de Compostela.

O costume de ir de tapas e comer algúns pratos típicos agrada moito os turistas de todo o mundo.

O Museo Reina Sofía de Madrid é un dos máis visitados de España.

1. Indica a que tipo de turismo corresponden estas actividades:

- Saír en barca e somerxerse para observar o fondo do mar.
- Pasar unha semana de agosto nun complexo hoteleiro en primeira liña de mar.
- Visitar as ruínas dunha cidade romana.
- Facer un tramo do Camiño de Santiago.
- Facer unha ruta camiñando por un parque natural e aloxarse nos seus refuxios.

2. Pensade un lugar de España que elixiriades para facer turismo de praia, outro para facer turismo rural e natural e un terceiro que sexa adecuado para o turismo cultural.

Elaborade un folleto turístico de cada sitio de unha páxina cada un. Debedes incluír fotografías e enumerar os lugares de interese que presenta, así como as vosas razóns para seleccionalo.

Podedes realizar esta actividade por parellas.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/738907 – Mostrarémoslle ao alumnado este portal de turismo de Galicia no que poderemos ver diferentes espazos turísticos.

A continuación pedirémoslle ao alumnado que se divida en grupos e que investigue na páxina para poder identificar e relacionar cada unha delas cos diversos tipos de turismo que estudamos neste tema: turismo de sol e praia, turismo rural e natural e turismo cultural.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

É importante a gastronomía á hora de facer turismo?

Cres que España ten unha gran diversidade gastronómica?

Poderías citar algunhas especialidades típicas dalgunhas comunidades autónomas?

c) "Visita aos museos de Madrid"

Que actividades asociamos co turismo cultural?

Onde cres que hai unha maior oferta cultural, nunha gran cidade ou nunha pequena poboación?

Solución.

a) Pódense practicar o ciclismo, a escalada, a navegación, a pesca, a hípica, etc.

b) Si. A gastronomía é un aspecto moi valorado polos turistas que nos visitan.

Resposta persoal.

c) O turista pode visitar, museos, lugares de interese histórico e artístico, participar en festas tradicionais, etc.

Resposta persoal.

Actividades de ampliación

1. Investiga na Internet e averigua que é Fitur. Realiza unha redacción na que se respondan as seguintes preguntas:

a) En que ano xurdiu Fitur?

b) En que consiste? Cres que é beneficiosa para promover o turismo en España?

Solución.

a) A primeira edición realizouse en 1981.

b) FITUR ou Feria Internacional de Turismo realízase de forma anual no recinto feiral de IFEMA de Madrid. É un encontro no que as principais axencias de turismo de distintos países ou Comunidades autónomas españolas expoñen e promocionan a súa oferta turística.

Solución: Resposta persoal.

ANOTACIÓNS

.....

.....

Orientacións didácticas

- O apartado *Repaso o aprendido* consta de:

- Un esquema conceptual que ordena o contido do tema.
- Exercicios para asentar os conceptos adquiridos.
- Unha actividade de grupo.
- Un exercicio de memorización.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal.

Antes de que os alumnos empecen a copiar nos seus cadernos, aproveitaremos a actividade para repasar brevemente os conceptos que aparecen no mapa.

Animaremos a todos os alumnos a participar.

2. As frases completas son as que indicamos a continuación.

- As actividades económicas proporcionan *riqueza* e *traballo* que satisfán as *necesidades* das persoas.
- O tipo de turismo que atrae máis visitantes a España é o de *sol e praia,* aínda que o noso país tamén ten oferta en turismo *rural* e *natural* e en turismo *cultural.*
- O *comercio* e o *transporte* son as dúas actividades implicadas no proceso comercial porque facilitan que os bens pasen dos produtores aos *consumidores.*
- O sector económico no que traballan máis españois é o *terciario*, e no que menos, o *primario.*

3. Relación de traballos con sectores económicos.

- Extrae granito dunha canteira. Sector secundario.
- Traballa na construción. Sector terciario.
- Elabora galletas. Sector secundario.
- Conduce un tren de mercadorías. Sector terciario.
- Leva as ovellas pastar ao campo. Sector primario.
- Guía os grupos de turistas por unha cidade. Sector

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.



2. Copia e completa no teu caderno.

- As actividades económicas proporcionan … e … que satisfán as … das persoas.
- O tipo de turismo que atrae máis visitantes a España é o de …, aínda que o noso país tamén ten oferta en turismo … e en turismo ….
- O … e o … son as dúas actividades implicadas no proceso comercial porque facilitan que os bens pasen dos produtores aos ….
- O sector económico no que traballan máis españois é o …, e no que menos, o ….

3. Clasifica os seguintes traballos no sector económico correspondente.

- Extrae granito dunha canteira.
- Traballa na construción.
- Elabora galletas.
- Conduce un tren de mercadorías.
- Leva as ovellas a pastar ao campo.
- Guía os grupos de turistas por unha cidade.
- Ponlles vacinas a nenos e nenas.
- Sementa e fertiliza a terra.
- Fabrica pezas para unha lavadora.
- Dálles clases a nenos e nenas nun colexio.
- Cobra na caixa dun centro comercial.
- Instala as tubaxes na cociña dunha vivenda.

96 Tema 6

INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Espacial	4	Organizar e planificar unha fin de semana turística para unha familia de italianos.
Intrapersoal	*4*	Elixir os plans dunha fin de semana para unha familia de italianos e coñecer a zona onde viven.
	5	Memorizar as imaxes, tapalas cun papel e recoñecer as que son importantes como peón.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
APRENDER A APRENDER	Desenvolver técnicas para organizar a información mediante a clasificación en cadros	Copiar o mapa conceptual da unidade no caderno e asimilar a información. Act. 1 *Repaso*
DIXITAL	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender	Buscar información para ampliar e explicar sobre as zonas que visitará a familia. Act. 4
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Definir e clasificar algúns termos relacionados coa área.	Clasificar os diferentes traballos do sector económico correspondente. Act. 3
SOCIAIS E CÍVICAS	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa.	Colaborar conxuntamente na planificación de sitios e cousas que fai nunha fin de semana turística para a familia de italianos. Act. 4

4. Planifica unha fin de semana turística.

Imaxinade que a fin de semana veñen visitarvos uns amigos italianos de Roma. Son unha familia de catro membros e queredes organizarlles dous días de actividades para que coñezan a zona onde vivides.

a. Agrupádevos de tres en tres e planificádeo todo:
   - Como chegarán desde Italia e onde os iredes recoller.
   - Onde se aloxarán e onde iredes comer.
   - Que lugares visitaredes (na vosa localidade ou nas aforas).
   - Como vos desprazaredes aos lugares escollidos e que rutas haberedes de seguir.

b. Elaborade unha programación detallada para cada día, se pode ser nunha táboa horaria. Incluíde un mapa impreso de *Google Maps* que mostre as rutas que seguiredes.

c. Para rematar, respondede as preguntas seguintes:
   - Que actividades económicas se desenvolverán esa fin de semana para que poidades facer todo o que tedes planificado? A que sector pertencen?
   - Que tipos de transportes serán necesarios? Utilizaredes algún mapa de vías de comunicación? De que tipo? Para que?
   - Como vos informastes: na Internet, usando guías turísticas, mapas...?

XOGANDO TAMÉN SE APRENDE

5. Adestra a túa memoria.

Observa estes sinais de tráfico durante un minuto e tápaos despois cun papel. Enumera os que aparecen e indica os que están repetidos. Cales deles che interesa coñecer como peón?

terciario
- Ponlles vacinas aos nenos e nenas. Sector terciario.
- Sementa e fertiliza a terra. Sector primario.
- Fabrica pezas para unha lavadora. Sector secundario.
- Dalles clases a nenos e nenas nun colexio. Sector terciario.
- Cobra na caixa dun centro comercial. Sector terciario.
- Instala as tuberías na cociña … Sector secundario.

4. Actividade de grupo.

5. Actividade persoal.

Actividades de reforzo

1. Os alumnos dirán se estas frases son verdadeiras ou falsas:

a) Chámase comercio a actividade de comprar e vender.

b) Os retallistas véndenlles os produtos aos comerciantes.

c) Os almacenistas cómpranlles directamente aos produtores.

d) Os consumidores cómpranlles os pdorutos aos almacenistas.

Solución.

a) Chámase comercio a actividade de comprar e vender. → V

b) Os retallistas véndenlles os produtos aos comerciantes → F

c) Os almacenistas cómpranlles directamente aos... → V

d) Os consumidores cómpranlles os pdorutos aos.... → F

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/727470 – Para finalizar, utilizaremos esta presentación en forma de diapositivas que contén unha breve recensión do son as actividades económicas e algúns exemplos de cada unha delas.

Recordaremos o que aprendemos neste tema sobre as actividades primarias, secundarias e terciarias e aclararemos as dúbidas que os alumnos poidan ter.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

NAVEGAMOS POR TICHING

TICHING	WEBS
http://www.tiching.com/82549	https://www.youtube.com/embed/eHFqNH0p_20?wmode=transparent
http://www.tiching.com/82598	http://cplosangeles.juntaextremadura.net/web/edilim/curso_3/cmedio/os_trabajos_3/agricultura/agricultura.html
http://www.tiching.com/82599	http://cplosangeles.juntaextremadura.net/web/edilim/curso_3/cmedio/os_trabajos_3/ganaderia/ganaderia.html
http://www.tiching.com/83382	https://www.youtube.com/embed/isxfYBSh2q4?wmode=transparent
http://www.tiching.com/585465	http://ninosyseguridadvial.com/
http://www.tiching.com/727464	https://www.youtube.com/embed/p28w65aysOQ?wmode=transparente
http://www.tiching.com/727468	http://www.merkatia.com/recursos/historia-do-comercio/
http://www.tiching.com/727470	http://é.slideshare.net/camilo4000/actividades-econmicas-19478122?next_slideshow=1
http://www.tiching.com/738907	http://www.turismo.gal/portada?langId=gl_ES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES